

# ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS DE LAS TRAVIESAS AETRAVI G36847861.

## BASES DO SORTEO DO DIA DA NAI 2022

1. A campaña desenvolverase entre os días 21 de abril e o 1 de maio do 2022.
2. Para poder participar, haberá que facer unha compra entre os días 21 de abril e o 1 de maio, nalgún dos establecementos adheridos a esta campaña por valor mínimo de 20 euros.
3. Despois haberá que rexistrarse na aplicación da Asociación <https://sorteos.aetravi.com> e subir o ticket de compra
4. Os datos que deberá introducir o participante son nome e apelidos, teléfono de contacto e correo electrónico, terá que ler e aceptar as bases e a lei de protección de datos, despois terá que subir a imaxe do ticket, factura ou comprobante de compra (o cal deberá gardarse)
5. A partir do día 1 de maio do 2022, xa non se poderá acceder a aplicación e non se poderán subir mais tickets.
6. O sorteo farase o 2 de maio luns no local da asociación ca presenza da Xunta Directiva, mediante un software automatizado que garante a imparcialidade, aleatoriedade e transparencia na selección dos gañadores. O programa fai unha consulta sobre todas as participacións, e aleatoriamente devolvera unha listaxe con 20 premiados.
7. **É imprescindible que o participante garde o ticket ou factura da compra realizada para a súa posterior comprobación.**
8. Soamente darase un premio(chegue) por persoa
9. Os cheques serán de 100 euros cada un (un total de 2000 euros) e virán separados en billetes de 10 euros, cuxo importe poderase gastar en calquera dos establecementos adheridos á campaña entre o 3 e o 31 de maio do 2022
10. En ningún caso repartirase o diñeiro en efectivo e haberá que gastar os cheques co seu valor integro, nos establecementos.
11. Non poderán participar na promoción e, por tanto, resultar agraciados, as seguintes persoas: - Membros, empregados e familiares ata o primeiro grao de consanguinidade da entidade AETRAVI, os empregados e autónomos dos establecementos adheridos á campaña nin os familiares ata o primeiro grao de consanguinidade. -As persoas que non cumpran estas condicións non deben de participar na Promoción e en caso de participar serán descalificadas. -Os menores de 18 anos
12. AETRAVI encargarse de chamar os premiados e comprobar que compren todos os requisitos, e despois entregaralles os cheques.

### **13. Tratamento de datos:**

De conformidade coa normativa de protección de datos, a entidade organizadora informa que vai proceder ao tratamento dos datos persoais facilitados polos participantes, nos seguintes termos:  
Finalidades: A finalidade do tratamento é exclusivamente xestionar a participación dos concursantes no concurso descrito nas bases ata a súa total execución, incluída a entrega de premios aos gañadores.

Así mesmo, e derivado do concurso, será finalidade a difusión da identidade e imaxe, no seu caso, do gañador por parte de AETRAVI na súa páxina web e nas súas redes sociais

Tamén será finalidade do tratamento, o uso publicitario do premio e o nome e imaxe dos agraciados por parte de AETRAVI

Licitude do tratamento: A lexitimidade para o tratamento dos datos persoais facilitados baséase no consentimento dado polo interesado, de maneira individual para participar no concurso e segundo a finalidade descrita.

Prazos de conservación: finalizada a promoción, os datos de carácter persoal facilitados, serán cancelados, quedando estes bloqueados, conservándose unicamente ao dispor das

Administracións públicas, Xuíces e Tribunais, para a atención das posibles responsabilidades nadas do tratamento, durante o prazo de prescrición destas. Cumprido o citado prazo deberá procederse á supresión.

Dereitos: Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se AETRAVI está a tratar os seus datos persoais.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación, supresión e potabilidade na seguinte dirección, Avda. Gran Vía 176 achegando fotocopia do seu D. N.I para a tutela dos seus dereitos, ou mediante correo electrónico dirixido a: [gerencia@aetravi.com](mailto:gerencia@aetravi.com) asinado con certificado dixital de acreditación persoal. Ademais, en redes sociais poderán exercer os dereitos que a Lei lles confire, aínda que, debido a que ditas plataformas pertencen a terceiros, as respostas aos exercicios de dereitos quedarán limitadas polas funcionalidades que permita a rede social de que se trate, polo que recomendamos que antes de seguir os nosos perfís en redes sociais revise as condicións de uso e políticas de privacidade das mesmas.

Se vostede considera que o seu tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá poñer unha reclamación ante a autoridade de control en [agpd.es](http://agpd.es)

Os datos persoais requiridos neste concurso son necesarios para garantir a transparencia e obxectividade do proceso, polo que os participantes están obrigados a comunicalos.

Os interesados poderán presentar reclamación para a tutela dos seus dereitos na Axencia Española de Protección de Datos Persoais, na súa sede electrónica ou na dirección postal da Rúa Jorge Juan número 6, 28001 de Madrid.

#### **14. Modificación de Bases**

AETRAVI resérvase o dereito para substituír, sempre que existan razóns que así o aconsellen, o premio obxecto das presentes bases por outro de similares características, o que anunciará debidamente aos participantes

**Todos os interesados poderán consultar as Bases, a texto completo, en [www.aetravi.com](http://www.aetravi.com)**

Igualmente AETRAVI se reserva a facultade de:

-Suspender ou finalizar anticipadamente a presente promoción caso de apreciar uso fraudulento da mesma.

-Excluír da promoción, en calquera momento desta, a todo concursante que actuase de mala fe ou en fraude da súa mecánica. Así mesmo, quen incorrese en tal actuación perderán o premio, aínda cando xa o recibiran.

-Efectuar calquera cambio que redunde no bo fin da promoción cando concorra xusta causa ou motivos de forza maior que impidan levala a termo na forma prevista nas presentes bases.

Abril 2022